

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Ponteciña

«Alá polo mil cincocentos e pico en Tebra mandaba un rei chamado Pedro Madruga.

No tempo do reinado de Pedro Madruga condenaron a un home chamado Ponteciña por non sei qué dunhas vacas. Foi condenado á goteira da Inquisición, que consistía en colocalo nun lugar determinado onde lle caía unha gota de aceite, outros din que de auga quente, co que o condenado morría a fame.

A filla de Ponteciña acababa de ter un neno e cando ía ver a seu pai amamantábao, alí sempre a cacheaban por se levaba comida e outra cousa non lle podían dar.

Pasados uns días o Ponteciña non morría e Pedro Madruga preguntaba todas as mañás se xa estaba morto.

Logo a filla foi casa por casa dicindo que tal día fosen a un campo chamado da Estoca con todo o gando que tivesen para trocalo polo seu pai. E así foi. Tal día xuntouse no campo todo o gando de Tebra e arredores.

Mentres, no Castelo, o rei quería saber de quen era ese monte de gando. Un criado preguntou e contoulle ao rei que era do Ponteciña. Pedro Madruga, ao ver tanto gando, pensou que era dun home moi rico e soltouno».



BIBLIOGRAFÍA

CONTOS DO MIÑO (edición de Susana Casal Pérez e Xosé López González), A Nosa Terra, Vigo, 2008, nº 83, páx. 68-69.